XUNTA DE GALICIA
VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
Secretaría Xeral da Igualdade

Edificio Administrativo San Lázaro, s/n
15781 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Telf.: 981 957 691 Fax: 981 957 690
igualdade@xunta.es
http://igualdade.xunta.es/

galicia

OFICIO

Asunto: envío de informe de impacto de xénero
s/ref.: SXCAAN

Achégase o informe de impacto de xénero emitido en relación ao *Anteproxecto de Lei de Portos de Galicia.*

Santiago de Compostela, 9 de outubro de 2014

A subdirectora xeral de Xestión Técnico-Administrativa e Orzamentaria

Fe A. Vieda Oliveiro

REXISTRO XERAL DA XUNTA DE GALICIA
REXISTRO DE IGUALDADE
SANTIAGO DE COMPOSTELA
SAÍDA 3276 / RX 918374 Data 10/10/2014 09:44:57

CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL E DO MAR

SUBDIRECCIÓN XERAL DE COORDINACIÓN ADMINISTRATIVA E APOIO NORMATIVO

DE ASÍS A COMPOSTELA
1214 · 2014

XUNTA DE GALICIA
VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
Secretaría Xeral da Igualdade

Edificio Administrativo San Lázaro, s/n
15781 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Telf.: 981 957 691 Fax: 981 957 690
igualdade@xunta.es
http://igualdade.xunta.es/

galicia

INFORME DE IMPACTO DE XÉNERO RELATIVO AO ANTEPROXECTO DE LEI DE PORTOS DE GALICIA

A Secretaría Xeral da Igualdade, ao abeiro do previsto no artigo 8 da Lei 7/2004, de 16 de xullo, para a igualdade de mulleres e homes na Comunidade Autónoma de Galicia (en diante Lei 7/2004) e no artigo único da Lei 7/2010, do 15 de outubro, pola que se suprime o organismo autónomo Servizo Galego de Promoción da Igualdade do Home e da Muller e se modifican determinados artigos da Lei 2/2007, do 28 de marzo, do traballo en igualdade das mulleres en Galicia, e ao abeiro do Decreto 76/2013, do 25 de abril, no seu artigo 6, emite o seguinte **informe de impacto de xénero.**

PRIMEIRO. PERTINENCIA DO INFORME

Segundo o disposto polo artigo 7 da Lei 7/2004, "Os proxecto de lei presentados no Parlamento galego pola Xunta de Galicia irán acompañados dun informe sobre o seu impacto de xénero elaborado polo Servizo galego de Promoción da Igualdade do Home e da Muller. Se non se acompañasen ou se tratase dunha proposición de lei presentada no Parlamento galego, este requirirá, antes da discusión parlamentaria, a súa remisión á Xunta de Galicia, quen ditaminará no prazo dun mes; transcorrido este prazo a proposición seguirá o seu curso."

Do citado precepto despréndese a obrigatoriedade de analizar, con carácter previo ao debate parlamentario, calquera iniciativa lexislativa para valorar se a súa posta en práctica afectará de forma diferente a mulleres e homes, co fin de adaptalas para neutralizar os posibles efectos discriminatorios e fomentar a igualdade entre os dous sexos, integrando deste xeito o principio de transversalidade.

A finalidade do anteproxecto de lei obxecto de informe é a aprobación da lexislación autonómica en materia de portos. Débese ter en conta que, malia a significativa infrarrepresentación feminina en todos os ámbitos de actividade relacionados cos portos, os contidos concretos obxecto de regulación non fan procedente en moitas ocasións a introdución da perspectiva de xénero. Non obstante analizaranse neste informe os aspectos relativos á integración da perspectiva de xénero, a composición equilibrada dos órganos de decisión e á linguaxe sexista.

DE ASÍS A COMPOSTELA · 1214 · 2014 ·

Edificio Administrativo San Lázaro, s/n
15781 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Telf.: 981 957 691 Fax: 981 957 690
igualdade@xunta.es
http://igualdade.xunta.es/

SEGUNDO. INTEGRACIÓN DA PERSPECTIVA DE XÉNERO

A Lei orgánica 3/2007, do 22 de marzo, para a igualdade efectiva de mulleres e homes (artigos 14 e 15) e, no ámbito galego, a Lei 7/2004 (artigo 6), reiteran o mandato de transversalidade do principio de igualdade de trato entre mulleres e homes que xa fora establecido no Tratado da Comunidade Europea e na Carta dos Dereitos Fundamentais da Unión Europea.

En virtude deste mandato de presenza transversal de loita contra as desigualdades débese procurar que todas as normas emitidas, na medida do posible, e se o obxecto da materia o fai procedente, inclúan explicitamente a incorporación da perspectiva de xénero.

Como xa se anticipou, o ámbito dos sectores laborais asociados á actividade portuaria, está fortemente masculinizado, o que pode reforzar a situación de invisibilidade ou discriminación da muller. Tamén se avanzou que, dados os contidos desenvolvidos nesta lei, non existen moitas oportunidades de que a igualdade poida ter un reflexo concreto na redacción.

Non obstante si se debe ter en conta que o artigo 24 "Réxime do persoal" establece para o persoal da entidade pública a vinculación en "réxime de dereito laboral", sen prexuízo do previsto na denominada *"LOFAXGA"*, así como, no punto 2, o sometemento á "lexislación laboral", sen prexuízo do establecido na lexislación de función pública. Por outra parte, tamén se fai referencia neste artigo ás probas selectivas para o ingreso con carácter fixo. Pois ben, proponse neste ámbito un recoñecemento expreso ou positivización da vinculación á normativa de igualdade, por moito que, en parte estas normas xa estean integradas na lexislación laboral ou de función pública. Esta concreción procedería nos puntos 1, 2 e 4 deste artigo, dun xeito similar á técnica empregada no actual Decreto lexislativo 1/2008, do 13 de marzo, polo que se aproba a Lei da función pública de Galicia ou no V Convenio único do persoal laboral da Xunta de Galicia, onde en ocasións se empregan mencións expresas á determinadas normas sobre igualdade de xénero. Porén, cunha intención de evitar a reiteración nos tres puntos citados, pódese facer unha referencia global incluída no punto 2, que pasaría a ter a seguinte redacción:

"2. O persoal estará sometido á lexislación laboral, incluíndo a Lei 2/2007, do 28 de marzo, do traballo en igualdade das mulleres de Galicia e demais normativa aplicable en materia de igualdade de xénero, sen prexuízo dos preceptos da lexislación sobre función pública que sexan directamente aplicables ao persoal laboral ao servizo das administracións públicas".

DE ASÍS A COMPOSTELA
1214 · 2014

Edificio Administrativo San Lázaro, s/n
15781 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Telf.: 981 957 691 Fax: 981 957 690
igualdade@xunta.es
http://igualdade.xunta.es/

TERCEIRO. COMPOSICIÓN EQUILIBRADA DOS ÓRGANOS DE DECISIÓN

O artigo 6.2 d) da citada Lei 7/2004, establece como vía de aplicación do principio de transversalidade "o fomento dunha participación equilibrada das mulleres e homes na toma de decisións e a elaboración de estratexias para o empoderamento das mulleres".

No mesmo sentido, o artigo 16 da Lei orgánica 3/2007, do 22 de marzo, para a igualdade efectiva de mulleres e homes, e que consonte á disposición final primeira constitúe regulación das condicións básicas que garanten a igualdade de todas as persoas no exercicio dos dereitos constitucionais, establece que *"...os poderes públicos procurarán atender o principio de presenza equilibrada de mulleres e homes nos nomeamentos e designacións dos cargos de responsabilidade que lles correspondan"*. Estes mandatos, que actúan con carácter xeral, deben ser complementados dende a perspectiva da regulación normativa autonómica, en virtude da previsión recollida na Disposición adicional 1.ª da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración Xeral e do sector público autonómico de Galicia, que garante a aplicación e promoción do principio de igualdade entre sexos en todos os ámbitos da Administración galega e que, na alínea segunda, establece o obxectivo de composición equilibrada nos nomeamentos dos altos cargos.

O anteproxecto de Lei obxecto de informe regula na sección segunda do título primeiro os órganos de goberno da entidade pública empresarial Portos de Galicia. Para o cumprimento do mandato anterior recoméndase incluír nesta sección, ben como un artigo independente ou ben como unha nova alínea do artigo 11, o obxectivo da composición equilibrada dos órganos, cunha redacción como a seguinte:

"No conxunto dos órganos de goberno de Portos de Galicia procurarase acadar unha presenza equlibrada de mulleres e homes".

CUARTO . ELIMINACIÓN DO SEXISMO NA LINGUAXE NORMATIVA

Consonte o disposto nos artigos 17 e 18 da Lei galega 7/2004, así como na alínea 11 do artigo 14 da Lei orgánica 3/2007, do 22 de marzo, para a igualdade efectiva de mulleres e homes, é obrigada a "implantación dunha linguaxe non sexista no ámbito administrativo". Para un cumprimento mellor destas previsións cómpre emitir as seguintes observacións:

Edificio Administrativo San Lázaro, s/n
15781 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Telf.: 981 957 691 Fax: 981 957 690
igualdade@xunta.es
http://igualdade.xunta.es/

Con frecuencia ao longo do texto utilízanse as designacións de cargos unicamente en masculino, e así acontece tamén noutras palabras non referidas a cargos ou profesións. Recoméndase a utilización dunha forma neutra, adaptada a cada caso segundo proceda, como nos seguintes exemplos:

- Onde di "Presidente", "o Presidente", "polo Presidente" etc., recoméndase "Presidencia", "a persoa titular da Presidencia", "pola persoa titular da Presidencia" etc. Débese ter en conta tamén a adaptación dos complementos gramaticais que correspondan en cada caso, observación que se fai tamén extensiva para os seguintes casos, nos que tamén se debe ter presente isto. Deste xeito, onde di : "O Presidente será **nomeado**" diríase por exemplo "A persoa titular da presidencia será **nomeada**".
- Do mesmo xeito, onde di "Director" recoméndase "Dirección" ou "persoa titular da Dirección" segundo proceda.
- En diversas ocasións dise "Conselleiro competente en materia de portos", como é o caso das páxinas 12, 54 e 97 e recoméndase "persoa titular da Consellería competente en materia de portos".
- Na páxina 14, onde di "un secretario" recoméndase "un secretario ou secretaria".
- Na páxina 15, onde di "entre técnicos" recoméndase "entre técnicos/as".
- Onde di "pasaxeiros" recoméndase "pasaxe" (ou alternativamente se se considerase máis acaído: "pasaxeiros e pasaxeiras").
- Nas páxinas 83, 85 e 86 dise "capitáns ou patróns" e "polo capitán" e recoméndase "capitáns/ás ou patróns/oas" e "polo capitán ou capitá".
- Na páxina 84, dise "celadores garda peiraos" e suxírese "celadores/as garda peiraos".
- Na páxina 86, onde se di "ao práctico" proponse "ao práctico ou práctica".
- Tamén se utiliza en diversas ocasións "estibadores" e proponse "estibadores ou estibadoras", coas adaptacións gramaticais que correspondan.
- No caso de "traballadores" recoméndase "traballadores ou traballadoras".
- Por outra parte débese ter en conta que esta lei regula entre outros aspectos as relacións xurídicas derivadas do aproveitamento portuario: concesións, transmisións etc. Nestas relacións participan diversos suxeitos, ademais da Administración pública, que poden ser tanto persoas físicas como xurídicas, o que dá lugar a unha utilización recorrente de termos característicos desta regulación, con especial frecuencia nos títulos IV e V, como : o titular, o solicitante, concesionario, adxudicatario, peticionario, usuario...A dificultade de usar

Edificio Administrativo San Lázaro, s/n
15781 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Telf.: 981 957 691 Fax: 981 957 690
igualdade@xunta.es
http://igualdade.xunta.es/

formas neutras nestes casos, debido á referencia conxunta a persoas xurídicas e físicas, unido ao carácter técnico destas denominacións, desaconsellan a utilización da forma "o/a", tendo en conta ademais a gran dificultade que provocarían na lectura do texto debido á súa utilización moi frecuente. Isto non obsta para que naqueles casos onde o termo empregado se refira inequivocamente a unha persoa física se poida utilizar outra variante, tal é o caso de "Falecemento do titular" no artigo 85.10, onde se podería empregar "Falecemento da persoa titular".

Santiago de Compostela, 9 de octubre de 2014

A Secretaria Xeral da Igualdade

Susana Abella

XUNTA DE GALICIA

REXISTRO XERAL DA XUNTA DE GALICIA
REXISTRO XERAL
SANTIAGO DE COMPOSTELA
Data 10/10/2014 13:29:34
ENTRADA 148790 / RX 1173497

Oficina:

VICEPRESIDENCIA E CONS. PRESIDENCIA, ADMÓNS. PÚB. E XUSTIZ
PRRU1601 - REXISTRO XERAL

Destinatario:

CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL E DO MAR
MR111000 - SECRETARÍA XERAL TÉCNICA

Remítense as seguintes solicitudes, escritos ou comunicacións presentados a través do Sistema Único de Rexistro nas oficinas indicadas na relación que se xunta, que van dirixidos a esa unidade administrativa.

Rexistro	Nº Rexistro	Data/Hora	Remitente/Asunto
REX. IGUALDADE	3276 / RX 918374	10/10/2014 09:44:57	CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL E DO MAR / REMISIÓN DE INFORME DE IMPACTO DE XÉNERO RELATIVO AO ANTEPROXECTO DE LEI DE PORTOS DE GALICIA

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL E DO MAR
SECRETARÍA XERAL TÉCNICA
13 OUT. 2014
ENTRADA Nº 7431
SAÍDA Nº .....